

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE OITO PRAZAS (8) DE
SUBALTERNO/A POLO SISTEMA DE QUENDA LIBRE (OEP 2020-2021-2022)****ANUNCIO SOBRE SOBRE A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO
EXERCICIO TIPO TEST OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

PRIMEIRO.- En relación as alegacións presentadas polas persoas aspirantes que concorreron ao primeiro exercicio tipo test, de carácter obrigatorio e eliminatorio, o órgano de selección, en sesión do 20 de febreiro de 2026, acordou o seguinte que se publica de acordo co establecido nas bases xerais:

I.- Documentos 260034411 e 260034526 (DNI *3438**), 260034720 (DNI ***7667**), 260035782 (DNI ***0460**), 260036650 (DNI ***9713**) e 260036737 (DNI ***2473**):**

Pregunta 6. Foi formulada nos seguintes termos:

3.- Os regulamentos "praeter legem" (máis alá da lei) son aqueles que se ditan:

a) Prescindindo dos trámites de consulta, audiencia e información pública.

b) En desenvolvemento dos preceptos dunha lei formal.

c) En caso de necesidade ou situación de emerxencia, cando o executivo está habilitado a ditar normas mesmo contrarias á lei, como por exemplo o estado de alarma, sitio ou excepción.

d) Sen unha lei previa, polo que o seu labor é regular materias das que o lexislador non se ocupou.

As persoas recorrentes solicitan a anulación da pregunta alegando, respectivamente, que o concepto de "regulamentos *praeter legem*" carece de base xurídica e non se axusta a dereito; que non está regulado en ningunha norma e que está forma de temario; que aínda que as bases contemplan os "regulamentos, ordenanzas e bandos", os regulamentos "praeter legem" non gardan relación coas funcións para desempeñar ou o nivel de coñecementos, indicando como exemplo que un subalerno nunca vai á redactar regulamentos; que é un concepto doutrinal e non lei. Considera o tribunal que a materia forma parte do temario ao estar, claramente, incluído no tema 3 do programa específico, "*Potestade normativa das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. (...)*", tendo en conta que é unha das clasificacións básicas dos regulamentos en función da súa relación coa lei (Executivos (*secundum legem*); independentes, incluídos os organizativos (*praeter/extra legem*); e, de necesidade (normalmente *contra legem*)).
Procede, por tanto, desestimar a alegación.

II.- Documentos 260034331 (DNI *8211**):**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2026 14:56

Páxina 1 de 9

260059673

CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pregunta 15. Foi formulada nos seguintes termos:

15.- Segundo o artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cal dos seguintes non é un dereito dos/as veciños/as dun municipio:

- a) Utilizar, consonte a súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, en calquera caso.
- b) Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.
- c) Participar na xestión municipal consonte o disposto nas leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos veciños sexa interesada polos órganos de goberno e administración municipal.
- d) Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

Solicita, a recorrente, a modificación da plantilla considerando válida a opción b) e a súa anulación por considerar a redacción, do enunciado, ambigua. Alega que a opción b) é unha "obriga xurídica esixible", polo que non se pode considerar un dereito conforme ao enunciado. Considera o tribunal que, aínda que puidera existir certo grao de ambigüidade, tendo en conta que a pregunta se refire, en concreto, ao artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que enumera dereitos e deberes dos/as veciños/as e que a resposta a) é clara e totalmente errónea, xa que o artigo 18 establece que o dereito dos/as veciños/as é o de "Utilizar, consonte a súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables" non é anulable a pregunta, tendo en conta, ademais que solo pode haber unha resposta correcta.

III.- Documentos 260034720 (DNI *7667**), 260035660 (DNI ***3093**), 260036327 (DNI ***1629**) e 260036650 (DNI ***9713**):**

Pregunta 18. Foi formulada nos seguintes termos:

18.- Que é a tarxeta ou chave de Wiegand?:

- a) Unha tarxeta de infravermellos que contén un código gravado que permite a súa lectura a través dun feixe luminoso emitido por un lector sen requirir un contacto directo.
- b) Un equipo lector de códigos predefinidos para facilitar ou impedir a apertura de accesos.
- c) Unha tarxeta con formato de plástico, codificada nunha banda magnética incrustada no elemento. Pode ser lida introducindo nun lector, nunha ranura ou por Wireless.
- d) Unha tarxeta similar á magnética, levando un código almacenado na banda magnética pero o código grávase nuns cables integrados na banda magnética. Non fan falta pasalas por ningún lector para ser lidas, así se evita o seu desgaste.

As persoas aspirantes alegan que a resposta oficial resulta incompleta e confusa, xa que a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2026 14:56

Páxina 2 de 9

260059673

CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

pregunta menciona "tarxeta ou chave", o cal implica dous posibles formatos e que a resposta correcta só fai referencia a unha "tarxeta similar á magnética", xerando ambigüidade; que non é correcta a resposta d) xa que di que "Non fai falta pasalas por ningún lector para ser lidas" pero, aínda que a lectura sexa sen contacto, precisa en todo caso un dispositivo lector de proximidade; que se mesturan conceptos ao falar de "banda magnética" e "cables integrados na banda magnética", así como que as respostas incorrectas xeran ambigüidade; e, que non forma parte do temario de subalterno. Considera o tribunal que as alegacións deben ser desestimadas xa que a pregunta forma parte do temario ao estar incluída no tema 7 do programa específico ("Control de accesos. (...)"). Así mesmo en ningún momento faise referencia a que non sexa necesario un lector de proximidade, senón que non fai falla pasalas por el. Por outro lado, con respecto á alegación de que as respostas incorrectas xeran ambigüidade, é parte da súa incorrección, toda vez que nas respostas incorrectas existen afirmacións con contidos claramente diferenciábeis coas características propias da tarxeta Wiegand.

IV.- Documentos 260034689 (DNI *5803**) e 260034720 (DNI ***7667**):****Pregunta 19. Foi formulada nos seguintes termos:**

19.- Segundo o artigo 8 do Real Decreto 2099/1983, o réxime xeral de precedencias distribúese nos seguintes rangos de ordenación:

- a) O individual ou persoal, o departamental e o colexiado.
- b) O individual ou persoal e o colexiado.
- c) O individual, o persoal, o departamental e o colexiado.
- d) O individual, o departamental e o colexiado.

Alegan, ambas persoas aspirantes, que existen dúas respostas correctas (a) e d)) interpretando, a segunda, como sinónimos "individual" e "persoal". O tribunal considera que procede a desestimación das alegacións toda vez que existe unha única resposta correcta: a resposta a) xa que o artigo 8 do Real Decreto 2099/1983 di, literalmente que "O réxime xeral de precedencias distribúese en tres rangos de ordenación: o individual ou persoal, o departamental e o colexiado." A maior abundamento, o Dicionario da lingua española outórgalles unha definición distinta, ademais de ter en conta diferencias entre o punto de vista do enfoque, uso e contexto. Así define "individual" como pertencente ou relativo ao individuo, unha unidade singular (separación da multitude, a independencia, a liberdade e a autonomía); e, "persoal" coma propio, particular e característico dunha persoa (relacionado coa conciencia de si mesmo, a personalidade e o carácter).

V.- Documentos 260034411 e 260034526 (DNI *3438**), 260034932 (DNI ***8097**), 260034938 (DNI ***3269**), 260035660 (DNI ***3093**), 260035782 (DNI ***0460**), 260036737 (DNI ***2473**) e 260036609 (DNI ***1358**):****Pregunta 20. Foi formulada nos seguintes termos:**

20.- O control de accesos defínese tamén como:

a) O espazo físico onde se realizan medidas técnicas, administrativas e organizativas de seguridade física e electrónica para a protección de bens e servizos.

b) O espazo físico onde se realizan medidas técnicas e organizativas de seguridade física e electrónica para a protección de bens e persoas.

c) É o espazo físico onde se realizan medidas técnicas e organizativas de seguridade física e electrónica para a protección de bens, servizos e persoal ao servizo das administracións públicas.

d) O espazo físico onde se realizan medidas técnicas, administrativas e organizativas de seguridade física e electrónica para a protección de bens, servizos e persoas.

Solicitan, a primeira recorrente, a anulación da pregunta, alegando que a opción que inclúe medidas administrativas e protección de bens, servizos e persoas foi considerada incorrecta e que, en base á NTP 361 do INSHT, integra medidas administrativas na súa definición; por outro lado, alégase que o artigo 14 da Lei 31/1995 obriga ao empresario para garantir seguridade e saúde mediante medidas organizativas e administrativas. O tribunal desestima esta alegación xa que, independentemente de que na resposta correcta non se inclúan as medidas administrativas e a protección de bens non implica que a afirmación sea incorrecta, si son incorrectas, o resto das afirmacións nas que, ademais de estas medidas, están incluídos servizos como elementos a protexer. Por este motivo desestímase tamén a quinta e sexta alegacións que aluden á necesidade de incluír, na resposta correcta, as funcións de carácter administrativo como motivo para solicitar a anulación. Ademais, indícase, na sexta alegación, que non se fai referencia a un artigo dunha ley concreta o norma da que proveña, motivo que tamén debe ser desestimado xa que como establecen as bases xerais deste procedemento os exames tipo test poderán tomar como referencia normativa e/ou manuais especializados.

A segunda e terceira persoas recorrentes alegan que a redacción da pregunta e das respostas non se axusta a ningunha definición recollida expresamente na normativa vixente facendo mención do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade e a súa definición do control de accesos e da lei 5/2014, do 4 de abril, de Seguridade Privada (artigo 52) que define o control de accesos como medidas de seguridade física, electrónica e organizativa destinadas á protección de persoas e bens. Neste caso, o tribunal desestima a alegación xa que, por un lado, a regulación do Esquema Nacional de Seguridade garanten a seguridade da información e servizos electrónicos no sector público e, neste caso, trátase do control de accesos a edificios como competencia do persoal subalterno; por outro lado, se ven o control de accesos son medidas tamén e un espazo físico como así se desprende do sentido da redacción da pregunta "O control de accesos defínese tamén como:". Este tamén é o motivo de desestimación, por parte do tribunal, da última das alegacións que sinala que o control de accesos é unha medida preventiva de seguridade e non un lugar físico.

A seguinte aspirante alega que as respostas non reproducen de forma literal o artigo 112 do Real Decreto 2364/1994, de 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2026 14:56

Páxina 4 de 9

260059673

CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Seguridad Privada, "El control de acceso comprende aquellas actuaciones encaminadas a comprobar la identidad y, en su caso, la autorización de personas, objetos o vehículos para entrar o salir de inmuebles o propiedades, así como la adopción de las medidas necesarias para evitar el acceso no autorizado, mediante la aplicación de medidas técnicas, administrativas y organizativas de seguridad física y electrónica, destinadas a la protección de bienes, servicios y personas", no entanto, este precepto non di o que se indica na alegación senón que trata da enumeración dos servizos ou sistemas de seguridade que poderán esixir o Secretario de Estado de Interior para supostos supraprovinciales, ou os Gobernadores Cívís a determinadas empresas; en vista do anterior, o tribunal desestima a alegación.

VI.- Documentos 260036035 (DNI *7047**) e 260035782 (DNI ***0460**):****Pregunta 23. Foi formulada nos seguintes termos:**

23.- Segundo o artigo 13 do Real Decreto 437/2004, polo que se aproba o Regulamento dos servizos postais, en todo caso terán a consideración de servizos postais prestados en réxime de servizo especial:

- a) O servizo de envíos contra reembolso onde a entrega ao destinatario se efectúa previo abono do importe reembolsable.
- b) O servizo de notificacións administrativas e xudiciais.
- c) Servizos urxentes que se oferten con compromiso de entrega e se presten cunha maior rapidez na entrega que os prestados en réxime ordinario.
- d) Todas son correctas.

Alegan ambas recorrentes que o ano correcto do Real Decreto polo que se aproba o Regulamento dos servizos postais é o 2024 polo que ningunha resposta sería correcta e o erro no ano provoca falta de claridade e precisión. Considera o tribunal que procede desestimar ambas alegacións xa que se ben consta un erro material de transcripción no enunciado da pregunta debido a que na data do Real Decreto no canto de poñer Real Decreto 437/2024 pon 437/2004, non da lugar a dúbida de que fonte normativa estamos a tratar, dende o momento en que se identifica o nome da mesma, o "Regulamento dos servizos postais".

VII.- Documentos 260034720 (DNI *7667**) e 260035753 (DNI ***2167**):****Pregunta 25. Foi formulada nos seguintes termos:**

25.- Segundo o anexo I do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo estarán prohibidas as portas de emerxencia que sexan:

- a) Correderas ou xiratorias.
- b) Non directas ao exterior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/03/2026 14:56	Páxina 5 de 9
260059673	CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Que midan menos de 2,2 metros.

d) Todas son correctas.

Solicita a primeira recorrente a anulación da pregunta por considerar correcta, ademais da resposta a) dada polo tribunal, a resposta b. Como ben indica a recorrente, o anexo I do Real Decreto 486/1997 establece, entre outros, que as portas de emerxencia deberán abrirse cara ao exterior, no entanto, a resposta b) fala de portar directas ao exterior o que non é o mesmo. No primeiro caso estamos falando de portas que se abren no sentido da evacuación e no segundo caso de portas que non se abren directamente ao exterior, o que implica unha apertura directa ao exterior do edificio. En vista do anterior, o tribunal desestima a alegación presentada. A seguinte alegación motívase en que a materia da pregunta non forma parte do temario incidindo en que, este, no tema 9, fai referencia a "Nocións básicas sobre a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais" e que, a pregunta non se pode responder coa lei senón con normas de desenvolvemento da mesma. No entanto, o tribunal desestima a alegación xa que, se ben, nese punto do temario non se podería incluír a pregunta obxecto de alegacións, si que forma parte do epígrafe "(...), evacuación de edificios, (...)" que pertence o mesmo tema 9.

VIII.- Documentos 260034331 (DNI *8211**), 260035748 (DNI ***6531**) e 260035753 (DNI ***2167**):**

Pregunta 27. Foi formulada nos seguintes termos:

27.- *Quen outorgou á "villa" de Vigo o título de "Ciudad Leal y Valerosa" o 1 de Marzo de 1810, en recoñecemento á actuación dos veciños durante este episodio da Guerra da Independencia Española?:*

a) Fernando IV.

b) Fernando V.

c) Fernando VI.

d) Fernando VII.

A primeira recorrente alega que a pregunta está fora de temario e que, ademais non establece vínculo algún coa Reconquista ou outra celebración local identificable, limitándose á identificación histórica illada. O tribunal desestima a alegación ao entender que a vinculación á celebración local dos feitos da Reconquista, unha das celebracións mais destacadas do Concello de Vigo está implícita na pregunta xa que o outorgamento do título indicado na mesma foi, precisamente, polo alzamento da vila o 28 de marzo de 1809 e subseguinte expulsión dos franceses. O mesmo motivo alega a segunda persoa recorrente, que a pregunta está forma de temario e o tribunal tamén entende desestimada a solicitude de anulación xa que sendo parte dunha das celebracións mais importantes da cidade considérase incluída no estudo do tema 10. Finalmente, a derradeira alegación motívase no feito de que a concesión do título foi feita polo Consello de Rexencia de España e Indias e, se ben, este dato é certo, tamén o é que o fai en nome de Fernando VII que é o rei en nome de quen se exerce a propia rexencia.



IX.- Documentos 260034331 (DNI *8211**):****Pregunta 28. Foi formulada nos seguintes termos:**

28.- Cal é o nome do centro de atención ás persoas sen fogar e onde se sitúa?:

a) CAPSF, Centro de Atención ás Persoas Sen Hogar, na rúa Juan Ramón Jiménez.

b) Albergue Municipal, na rúa Pío Baroja.

c) CAI, Centro de Acolida e Inclusión, na rúa Valle Inclán.

d) CIIES, Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social, na rúa Jacinto Benavente.

A recorrente solicita a anulación da pregunta alegando que "o enunciado solicita a identificación do centro e a súa situación e que a ubicación administrativa do edificio é rúa Marqués de Valterra, número 6 e o acceso ou entrada pola rúa Jacinto Benavente", no entanto, tal e como indica a páxina web do Concello de Vigo, "o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo configúrase como un centro de atención integral para persoas sen fogar, en situación de exclusión social e/ou emerxencia social (...). O acceso as instalacións realízase pola rúa Jacinto Benavente (...)". Tamén o croquis que facilita a concellaría de Política de Benestar na propia web municipal dá como "ubicación" a rúa Marqués de Valterra, 6 pero ao mesmo tempo indica ás persoas usuarias que a entrada ao CIIES está situada na rúa Jacinto Benavente. Podemos afirmar que o enderezo postal do CIIES é Rúa Marqués de Valterra, número 6, pero se unha persoa solicita ao persoal subalterno información sobre cal é o nome do centro de atención ás persoas sen fogar e onde se sitúa, a resposta é CIIES, Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social, na rúa Jacinto Benavente, xa que é por esta rúa pola que se deben acceder as persoas usuarias. Por todo o anterior, o tribunal desestima a solicitude de anulación desta pregunta.

X.- Documentos 260034331 (DNI *8211**), 260035748 (DNI ***6531**), 260036650 (DNI ***9713**) e 260036737 (DNI ***2473**):****Pregunta 30. Foi formulada nos seguintes termos:**

30.- A Entidade Local Menor de Bembrive constituíuse nun ano específico, sendo unha das poucas con esa categoría en Galicia. En que ano se constituíu esta Entidade Local Menor?:

a) A Entidade Local Menor de Bembrive constituíuse en 1925.

b) A Entidade Local Menor de Bembrive constituíuse en 1945.

c) A Entidade Local Menor de Bembrive constituíuse en 1965.

d) A Entidade Local Menor de Bembrive constituíuse en 1980.

As persoas recorrentes alegan que, a pregunta exposta, non garda relación co temario e, mais concretamente, que non se pode considerar incluída na materia do tema 10 que ten como contido "Breve descrición do termo municipal de Vigo. Localización de distintos sitios servizos municipais e centros oficiais. Principais vías, monumentos e lugares de interese



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2026 14:56

Páxina 7 de 9

260059673

CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cultural, artístico, deportivo e turístico da cidade". O tribunal considera que procede a desestimación das alegacións presentadas xa que o coñecemento das parroquias que conforman o termo municipal de Vigo, xunto coas características máis destacables de cada unha delas, é materia básica do tema 10 do temario de subalternos/as; ademais, en concreto, o feito de que Bembrive sexa unha entidade local menor dende 1945 é un dato moi relevante dada a singularidade do feito de, como se indica na propia páxina web do Concello "conservar un rango administrativo propio cando se produce a súa anexión a Vigo", toda vez que esta categoría a comparte unicamente con outras oito parroquias galegas.

XI.- Documentos 260036327 (DNI *1629**):****Pregunta 1 Reserva. Foi formulada nos seguintes termos:**

1 Reserva.- Indica en que situación non se procederá a un segundo intento de entrega da notificación:

- a) Falecemento do destinatario.*
- b) Que o destinatario sexa descoñecido.*
- c) Dirección incorrecta.*
- d) Todas son correctas.*

Solicita a recorrente a anulación da pregunta alegando que o artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, "*non especifica ningún caso no que non se procederá ao segundo intento da notificación en papel*", so os casos en que si se repetirá. Da propia lectura de artigo que reza "*Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non se encontrar presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo dela calquera persoa maior de catorce anos que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade. Se ninguén se fixer cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se tentou a notificación, tentativa que se repetirá por unha única vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes*" a sensu contrario, en calquera outro caso non procederá un segundo intento de notificación. Ademais, a lectura conxunta do artigo 42, xunto coa do artigo 44 que expón como proceder cando a notificación non puido ser efectuada ("*Notificación infrutuosa*") despréndese que unicamente se fará un segundo intento no caso de ausencia e no resto dos casos nos que non se puido entregar a notificación no primeiro intento publicárase no boletín correspondente. Por todo o anterior procede a desestimación da alegación presentada.

XII.- Documento 260036609 (DNI *1358**):****Pregunta 4 Reserva. Foi formulada nos seguintes termos:**

4 Reserva.- Os mercados de abastos do termino municipal de Vigo están situados en:

- a) Travesas, Barbés, Progreso, Calvario e Teis.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/03/2026 14:56	Páxina 8 de 9
260059673	CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Travesas, Barbés, Bouzas, Progreso, Cabral, Calvario e Teis.

c) Travesas, Coia, Barbés, Progreso, Cabral e Teis.

d) Travesas, Coia, Barbés, Progreso, Matamá. Cabral e Teis.

Alega a persoa recorrente que ningunha das respostas é correcta xa que na páxina web de Turismo do Concello de Vigo so se fai referencia aos seis que están en funcionamento. No entanto, no enunciado pregúntase sobre a situación dos mercados, sen entrar noutras cuestións coma se están neste momento operativos. Na web do Concello de Vigo mencionanse os sete mercados existentes no termo municipal de Vigo (resposta b) Travesas, Barbés, Bouzas, Progreso, Cabral, Calvario e Teis), sinalando a súa dirección. A maior abundamento, as demais opcións de respostas, son incompletas e só a opción b) sería a resposta completa.

SEGUNDO.- Contra a resolución das alegacións presentadas e as novas puntuacións resultantes caberá interpoñer recurso de alzada (artigos 121-122 da Lei 39/2015), sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2026 14:56

Páxina 9 de 9

260059673

CSV: A6BAAC-45ADED-AB4FEB-X2S6LX-CYMG6K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>